



Expediente núm.: 45/2024

Resolución de Alcaldía

Procedemento: Selección de persoal e provisión de postos

Documento asinado por: O Alcalde

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Primeiro.- De conformidade co disposto nas bases reguladoras que rexerán a selección e contratación dun funcionario interino para o posto de técnico medio de xestión ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos, da Deputación Provincial de Lugo (Reforzo do Emprego), durante un período de doce meses, con código seguro de verificación 6NHP4LCFMFGLJK7J39J33HNXP.

Segundo.- Vista a Acta do tribunal de selección de data 3 de xuño de 2024, onde se propón a formalización do contrato ao seguinte candidato:

Identidade do aspirante	DNI
María Soledad González Neira	***3043**

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o artigo 33 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a proposta do Tribunal respecto da contratación do seguinte candidato a favor do cal procedese a realizar o primeiro chamamento:

Identidade do aspirante	DNI
María Soledad González Neira	***3043**

SEGUNDO. Outorgar ao aspirante seleccionado un prazo de 3 (tres) días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución para que presente no Rexistro Electrónico do Concello, ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa;
- Certificado Médico Oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto;





- c) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente;
- d) Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título esixido ou Certificación académica dos estudos realizados xustificando ter feito o pagamento dos dereitos para a súa expedición;
- e) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria;
- f) Acreditación de coñecemento da lingua galega (se fora o caso): a documentación citada neste punto deberá acreditarse de conformidade coa a Instrución para a aplicación da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación coa validación de estudos polos ditos certificados, e da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, en relación coa exención da materia de lingua galega, a partir da implantación das ensinanzas de formación profesional básica e do Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) establecidas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

TERCEIRO. Publicar a presente resolución que contén o resultado do proceso selectivo da praza descrita con expresa indicación do réxime de recursos, de conformidade co indicado nas bases de selección, a saber:

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución no prazo dun mes de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa.

CUARTO. Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma da conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba ou Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En As Nogais, na data da sinatura á marxe
O Alcalde-Presidente,
Jesús Manuel Núñez Díaz

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

